

UNHA RELACIÓN PRIVADA



Tít. orixinal: *Une liaison pornographique*

Ano: 2000

Duración: 80 min.

País: Francia

Dirección: Frédéric Fonteyne

Guión: Philippe Blasband

Música: Jeannot Sanevia, André Dziezuk, Marc Mergen

Fotografía: Virginia Saint-Martin

Reperto: Natalie Baye, Sergi López, Paul Pavel

Productora: coproducción Francia/Bélxica/Luxemburgo/Suiza

Xénero: drama

Non recomendada para menores de 18 anos

Sinopse: Ela e el acuden á súa cita nunha cafetería. Grazas á sección de contactos dunha revista, segundo el, e a Internet, segundo ela, atoparon unha parella anónima coa que canalizar as súas fantasías sexuais. Pero o que eles pensaban que era unha relación esporádica, vai pouco a pouco converténdose nalgo máis, e esto transtorna os seus plans. Trátase dunha historia de amor que comeza como unha historia de sexo.

Crítica

(tomado de <http://www.todocine.com>)



A película pasou polo Festival de Venecia, onde recibiu excelentes críticas e pola que Natalie Baye conseguiu o premio de interpretación feminina, e sufriu un cambio de título, xa que en Francia chamábase "Unha relación pornográfica" e iso foi unha "carga pesada" – segundo comentou o seu director, Frédéric Fonteyne –, que fixo que moita xente "non percibira a ironía" e se freara ante o cine por medo a asistir a unha película de tintes pornos.

E, en realidade, trátase dunha historia de amor, a dun home e unha muller que se coñecen a través dun anuncio para levar a cabo unha fantasía sexual que ambos comparten. A primeira cita dará lugar a

outras e o que nun principio era un lazo meramente sexual, convértese nunha relación paixonal que se remata.

Sergi López non coñecía a Natalie Baye, nin sequera de oídas, a pesar de que ela é unha das actrices francesas máis reputadas, e iso foi un factor que xogou a favor da rodaxe, segundo confesou Fonteyne, pois ó longo do mesmo "os dous foron descubríndose con pracer".

Na película, as dúas personaxes van recordando, por separado, a súa historia de amor ante un entrevistador cuxo rostro non aparece. Este trazo era esencial para o director, pois interesáballo facer unha película sobre o amor, pero tamén sobre o recordo. "Na entrevista descubren que os dous viviron esa historia de amor tres anos antes e non a sacaran da cabeza, por iso necesitan contarlle a alguén, senón deixaría de existir – comenta Fonteyne. O pornográfico da película é precisamente iso, que se denuden ante unha terceira persoa. Eso servíume para traballar sobre distintos niveis de emoción. O que se sinte ó namorarse e logo ao recordalo, e resulta que o máis emocionante é ese recordo".